

ESTREA EN NUMAX: 07.02.2020 | V.O.S.E. | TP

A Hidden Life (2019, 180')

Dirección: Terrence Malick

Guión: Terrence Malick

Elenco: August Diehl, Matthias Schoenaerts, Valerie Pachner, Michael Nyqvist, Jürgen Prochnow, Bruno Ganz

Son: William Franck

Música: James Newton Howard

Fotografía: Jörg Widmer

Montaxe: Rehman Nizar Ali, Joe Gleason, Sebastian Jones

Dirección de arte: Bryce Tibbey

Vestuario: Lisy Christl

Produtora: Fox Searchlight (Estados Unidos), Studio Babelsberg, Medienboard Berlin-Brandenburg (Alemania)

Distribuidora: 20th Century Fox

Formato de proxección: DCP2K, 1.33:1 e 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2019 (Sección Oficial)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Song To Song, 2017

Knight of Cups, 2015

To the Wonder, 2012

El árbol de la vida, 2011

El nuevo mundo, 2005

La delgada línea roja, 1998

Malas tierras, 1973

SINOPSE

Biopic sobre Franz Jägerstätter, un labrego austríaco católico que se opuxo á anexión de Austria con Alemaña en 1938 e que se negou a cumprir o servizo militar obrigatorio. Por estes feitos foi xulgado e condenado a morte, sendo beatificado en 2007 polo Papa Benedicto XVI. Unha historia na que terá grande importancia a relación de Franz coa súa muller Fani, unidos contra os conflitos que se crearán na súa localidade, a súa igrexa e cos seus amigos máis achegados.

«O cinema na súa máxima expresión. Un filme que envolve, como unha catedral dos sentidos»

Peter Debruge, VARIETY



Das notas de produción

A película de Terrence Malick baséase nas cartas reais que intercambiaron Franz e Fani mentres Jägerstätter estaba na cadea. Erna Pultz editou a colección e Orbis Books publicouna en inglés. Engadíronse algunhas liñas ás cartas e, ás veces, as cartas están parafraseadas.

A historia era pouco coñecida fóra de St. Radegund, e podería permanecer oculta se non a descubrira o estadounidense Gordon Zahn durante a súa investigación, que o levou a visitar a vila na década de 1970.

O produtor Grant Hill xa traballara en varias películas de Malick. Grant sinala que Malick se identificou cos temas do filme: «É unha extraordinaria historia de amor imperecedoira que investiga as reaccións e as motivacións humanas e até onde pode chegar a xente para defender as súas crenzas e ser fiel á súa conciencia. Fai preguntas difíciles: tes dereito a sacrificar ás persoas que amas por un ben superior? En definitiva, trátase dunha historia atemporal de entrega, amor e perdón en toda a súa extensión. Creo que eses aspectos atraeron moito a Terry», di Hill.

Vida oculta é a primeira película biográfica de Malick, está baseada en persoas reais cuxos descendentes seguen vivos. «A familia sufrira moitísimo, e Terry quería que as fillas de Franz se

implicasene e desen a súa aprobación. Reunímonos con elas a través de intermediarios para buscar a forma de que Terry puidese contar unha historia que fixese xustiza ao que pasara na realidade e coa que se sentisen a gusto. Ao final, confiaron a Terry o legado de Franz, e traballamos con elas durante toda a produción», explica Hill.

O ELENCO

Terrence Malick decidiu contar só con actores austríacos e alemáns para preservar a autenticidade da historia. O produtor executivo Marcus Loges presentoulles a Malick e a Hill á directora de casting Anja Dührberg para que atopase a alquimia correcta dos personaxes. Hill comenta: Aínda que xa estivera en Alemaña e coñecía a moitos actores, sorprendeume atopar a tantísima xente con talento.»

Para elixir os actores que interpretan a Franz e Fani, era evidente que debía producirse unha relación natural entre ámbolos dous papeis. Valerie Pachner apareceu primeiro e conseguiu o papel de Fani. «Cando entra nunha habitación, Valerie ilumínaa. É moi forte porque medrou nesa zona. Sabía exactamente como tiña que ser ese personaxe», dixo o produtor.

Precisaban atopar un Franz que fose a parella perfecta da Fani de Valerie. Cando o proceso de casting chegaba ao fin chegou August Diehl (*Malditos bastardos*) (...). «E a maxia produciuse na primeira lectura. Compasábanse e xuntos daban mostras de vulnerabilidade e forza ao mesmo tempo.»

Ao referirse ao casting, August Diehl di: «Lembro a primeira vez que lin o guión falei moito con Terrence. Recordo que falamos da vida e de como viamos as cousas. Medrei en Francia nunha granxa sen electricidade. El sentía curiosidade por todo isto, por como vivira e cales foran as miñas experiencias». Diehl afirma que tratou as cartas entre o home e a súa muller case coma se fose outro guión á parte do de Malick.

Valerie Pachner mantivo as primeiras conversas con Malick por teléfono. «Cando me chamou por primeira vez falamos bastante. Falamos sobre o mundo e a vida e nese momento entendín souben que quería facer este filme». Pachner, que medrou en Austria, sentíase moi identificada coa historia. «As persoas confiaban unhas nas outras, e iso tamén significaba que non se podía romper coas tradicións e ser diferente. Tiñas que seguir a liña. Por iso esta historia é tan diferente».

Publicado en The Walt Disney Company Spain
Tradución: Olalla Cociña

O director

Terrence Malick (Waco, Estados Unidos, 1943) estudou Filosofía en Harvard, impartiu aulas no MIT e publicou ensaios ao redor de Martin Heidegger. Interesado polas artes cinematográficas, ingresou no American Film Institute Conservatory en 1969, formando parte da primeira xeración de alumnos do instituto. Aí entablou amizade con Jack Fisk, quen acabaría sendo deseñador de produción en varias das súas fitas. Antes de dirixir, Terrence Malick escribiu varios guións. En 1973 realizou a súa opera prima, *Malas terras*. A Malick perségueo a sonda de solitario e até misántropo, pois non adoita prodigarse nos medios de comunicación nin conceder entrevistas.

MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

E ti, a que agardas para abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

